

Mediante Resolución do 5 de maio de 2022 procedeuse á Convocatoria de prácticas extracurriculares “Retorna ao rural con Campus Terra”, financiadas a través do convenio de colaboración entre Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación e Universidades para o campus de especialización Campus Terra. Curso 2021/2022

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes por parte do estudiantado da USC, recibíronse 15 solicitudes. Reunida a comisión de selección prevista na citada convocatoria propúxose a concesión das prácticas académicas ás 15 persoas solicitantes. E dado que non hai máis solicitudes propónse ditar a resolución definitiva de adxudicación.

De acordo co anterior, RESOLVO

Adxudicar as seguintes prazas de prácticas académicas “Retorna ao rural co Campus Terra”

Apelidos e nome / estudos	Entidade de destino
Navarro García, Silvia Grao en Veterinaria	ACIVO Xullo-Setembro
Cabrera Gómez, Judit Grao en Veterinaria	Coren Xuño-Setembro
Rúa Vilar, Noelia Fátima Grao en Veterinaria	Aira Soc. Coop. Galega Xullo-Setembro
Barral Mendoza, María Luisa Grao en Veterinaria	De Heus Nutrición Animal Xullo-Setembro
Gallardo Fernández, Concepción Del Rocío Grao en Veterinaria	Nudesa Xullo-Setembro
Rodríguez Teijeiro, José Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Entrepinares Xullo-Setembro
Piñon Penelas, Aida Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Vía Romana S:L: Xullo-Agosto
Pampin Aguiar, José Luis Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Proláctea SAUP Xullo-Setembro
Diéguez Fernández, Jennifer Cristina Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Entrepinares Xuño-Xullo
López Oujo, Andrea Grao en Nutrición Humana e Dietética	Entrepinares Xuño-Xullo
Amado Ogando, Laura Grao en Nutrición Humana e Dietética	Real Conservera Española Setembro
Blanco Vilasuso, José Enxeñaría Agraria e Agroalimentaria	Recría castro Xullo-Agosto
Martínez López, Christian Enxeñaría Agraria e Agroalimentaria	Champivil Xullo-Setembro
Couso Campo, Ero Enxeñaría Agraria e Agroalimentaria	Inogando Xullo Setembro
Meira Rodríguez, María Jesús Enxeñaría Agraria e Agroalimentaria	Lutega Co. Lúpulo e Orballo Xullo-Setembro

O alumnado seleccionado deberá formalizar a súa matrícula de prácticas extracurriculares no prazo de 10 días dende a publicación desta Resolución no Taboleiro Electrónico da USC.

Así mesmo, e de acordo co establecido na Convocatoria de prácticas, o alumnado seleccionado deberá enviar por correo electrónico á Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo copia do DNI, o número de conta para facer o ingreso, o número da Seguridade Social e o modelo 145 do IRPF (retencións sobre rendemento do traballo).

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela / Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso- administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Por delegación do Sr. Reitor  
(RR do 21.04.2022 – DOG do 26.04.2022)  
O Vicerreitor de Organización Académica e Campus  
de Lugo

Francisco Fraga López

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer: FRANCISCO JOSE FRAGA LOPEZ, VICERREITOR DE ORGANIZACION ACADEMICA E DO CAMPUS DE LUGO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/06/2022 11:33:30.**

**CSV: DAB0-3D2A-4AEA-887C**